

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005233	IES Agra do Orzán	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	23
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

1. Introducción

O IES Agra do Orzán é un centro educativo de titularidade pública no que se imparten ensinanzas de ESO, Bacharelato o Ciclo Superior de Acondicionamento Físico e o Ciclo Superior de Ensinanzas e Animación Sociodeportiva.

O Centro está situado nun barrio periférico da cidade, o máis densamente poboado, cun gran aporte de emigrantes de diversas procedencia, que teñen o seu reflexo na composición do noso alumnado. Dos 554 alumnos do IES Agra do Orzán (no momento da elaboración desta programación), 82 naceron fóra de Galicia en 23 países distintos e outros 58 teñen diferente nacionalidade; no IES conviven 19 nacionalidade distintas e máis dun terzo do alumando ten, polo menos, un proxenitor estranxeiro.

O alumnado, excepción feita dos emigrantes recentemente incorporado ao noso sistema educativo, dun pequeno número de alumnos procedentes de diferentes centros de Bacharelato e do alumando dos Ciclos Formativos, procede case na súa totalidade dos colexios do barrio adscritos aao Centro: o CEIP Plirilingüe María Barbeito e Cerviño e o CEIP Raquel Camacho.

A materia de Xeografía e historia de 1º ESO quere contribuír a que alumnas e alumnos dean os seus primeiros pasos na comprensión e análise da realidade, diversa e cambiante, da contorna e da situación dos acontecementos no espazo e no tempo, o cal a conecta a outras ciencias sociais e comparte con elas o carácter comprensivo, global e integrador dos saberes.

A materia de Xeografía e historia na ESO, pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na Educación Primaria, favorecer a comprensión dos acontecementos, dos procesos e dos fenómenos sociais nos seus contextos, analizar os procesos que xeran cambios históricos e adquirir novas competencias, necesarias para a comprensión da realidade na que viven. na Xeografía deste nivel estúdase a pólá física e na Historia estúdase o período comprendido entre a aparición das sociedades humanas e a expansión do Imperio Romano seguindo un criterio cronolóxico.

En xeografía os contidos planificados buscan asegurar o desenrolo da sensibilidade polos aspectos ambientais e o coñecemento das grandes unidades xeográficas, preferentemente das comunidades autónomas, de España e do mundo; en historia preténdese que o alumnado adquira o concepto de evolución histórica, as nocións de cambio e permanencia e que comprenda a interrelación dos factores multicausais que explican as transformacións. Tamén que sitúe e identifique no tempo e no espazo os procesos e feitos relevantes asegurando a percepción do común e do plural na historia.

Os contidos propios de Xeografía e historia de 1º de ESO dedícanse ao estudo da Terra os os medios naturais na parte de xeografía e ao estudo da prehistoria e a historia antiga na parte dedicada a historia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O estudo xeográfico da Terra	Unidade introdutoria para sentar coñecementos básicos sobre a Terra e as súas representacións.	6	7	X		
2	Por que vivimos donde vivimos?	Unidade na que exploramos e coñecemos o relevo e como condiciona os asentamentos humanos.	6	7	X		
3	O cambio climático	Unidade na que aprofundamos no coñecemento da atmosfera e os seus elementos para, a través deles, reflexionar sobre o cambio climático e o quecemento global.	8	9	X		
4	A auga, elemento imprescindible na nosa vida	Nesta unidade estaremos a importancia de todas as augas do planeta e fomentaremos o seu uso responsable	7	8	X		
5	As terras dentro da Terra: as paisaxes	Unidade acerca das diferentes paisaxes do planeta relacionadas co clima no que se atopan.	9	9	X	X	
6	As terras dentro da Terra: os continentes	Unidade dedicada ao estudo do relevo e da hidrografía dos diferentes continentes, centrándonos no europeo.	8	8		X	
7	O estudo xeográfico de España	Unidade para centrarnos no relevo, clima e hidrografía peninsulares con especial atención aos galegos.	8	8		X	
8	Desde cando estamos na Terra? Por que estudamos Historia?	Unidade de introdución ao estudo da historia.	4	5		X	
9	Os inicios da humanidade: a prehistoria	Unidade con contidos referidos ao Paleolítico e ao Neolítico adaptados á realidade galega e española.	6	7		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	As primeiras civilizacións	Unidade dedicada ás civilizacións fluviais e ao nacemento da cultura no seu seo.	9	9			X
11	Grecia, o berce de Occidente.	Unidade dedicada ao estudo de Grecia desde os seus orixes ata o Helenismo.	9	9			X
12	Roma, o imperio en Occidente	Unidade dedicada ao estudo da historia do nacemento e expansión de Roma	9	9			X
13	Como eramos nos daquela?	Unidade na que estudamos a Hispania e a Gallaecia romanas	11	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O estudo xeográfico da Terra	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Realiza esquemas con contidos relacionados cos tipos de mapas, cos tipos de escalas e coas coordenadas xeográficas e é quen de explicar estes contidos na proba escrita.	PE	100
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Le o texto "Que é a xeografía?" e responde en tempo e forma ás cuestións propostas na aula virtual.		
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Responde e elabora de forma coherente as respostas ás cuestións propostas no caderno e na proba escrita.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX). - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.

UD	Título da UD	Duración
2	Por que vivimos donde vivimos?	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Realiza de esquemas cos tipos de relevo e cos axentes erosivos externos.	PE	100
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Investiga e explica con debuxos e textos a formación dos sismos e cales foron os máis fortes do século XXI.		
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Procura e sinala con cores, títulos e lendas de diferentes formas de relevo nun mapa mundi mudo.		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Compara nun mapa o relevo e a poboación de Galicia.		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Explica por escrito a relación entre o relevo e o poboamento de, polo menos, dous lugares do mundo.		
CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.	Le textos e responde ás cuestións. Realiza unha breve investigación e exposición sobre a figura de Eburne Pasabán.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.

UD	Título da UD	Duración
3	O cambio climático	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora un esquema cos problemas ambientais máis graves.	PE	100
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Explica cun debuxo en que consiste o efecto invernadoiro e explica por escrito cal é a súa relación co quecemento global.		
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Cubre un encrucillado con termos relacionados co cambio climático.		
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Explica brevemente as consecuencias do furacán "Ian" ao seu paso por Florida en setembro de 2022.		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Elabora un resumo explicando as principais catástrofes climáticas e as relaciona coas migracións.		
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Indica con cores, títulos e lendas un mapa mundi mudo as diferentes zonas climáticas do planeta		
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Fai unha breve presentación con debuxos e textos explicando os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Le os textos dados e responde as cuestións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Fai unha táboa relacionando cultivos coas zona climáticas e lugares.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático. - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
4	A auga, elemento imprescindible na nosa vida	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Realiza un debuxo explicando o ciclo da auga.		
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Explica a afirmación "a auga é un ben escaso".		
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Debuxa nun mapa mundi mudo as correntes mariñas máis importantes diferenciando as frías das quentes e indicando o nome das máis importantes.	PE	100
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Indica e recoñece nun mapa mundi físico os océanos e os principais ríos do mundo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Realiza un debuxo do curso dun río.		
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Le os textos dados e responde as preguntas.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Analiza o gráfico do río Miño.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.

UD	Título da UD	Duración
5	As terras dentro da Terra: as paisaxes	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Realiza un cadro cos diferentes paisaxes	PE	100
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Sobre a base do cadro anterior fai un cadro cos medio físico das diferentes paisaxes do planeta		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Clasifica os elementos naturais e humanizados dunha imaxe dun paisaxe dado.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Analiza climogramas dos diferentes climas.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Indica nun mapa mudo de Galicia con lendas, cores e títulos os diferentes espazos naturais protexidos da comunidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

UD	Título da UD	Duración
6	As terras dentro da Terra: os continentes	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Realiza un esquema coas unidades máis importantes do relevo europeo	PE	100
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Sitúa nun mapa conflitos en África		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Elabora cadros coas principais vertentes hidrográficas		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Localiza nun mapa as principais concas fluviais de Europa e África		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Elabora cadros coas principais paisaxes do planeta e os relaciona cos climas correspondentes		
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Relaciona algúns dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable cos contidos visto na unidade nun cadro		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Sitúa sobre mapas mudos os principais climas dos diferentes continentes axudándose de lendas, títulos e cores.		
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Explica brevemente baseándose no mapa anterior a relación entre as migracións, os conflitos armados e a seca na rexión do Sahel coa axuda dun mapa.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Le os textos dados e responde as preguntas dadas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.

Contidos

- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.
- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

UD	Título da UD	Duración
7	O estudo xeográfico de España	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Realiza un cadro sinóptico cos diferentes climas peninsulares	PE	100
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Sintetiza e representa o relevo e as augas de España nun esquema		
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Recoñece as principais ameazas para o medio natural en España		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Identifica e diferencia as principais paisaxes peninsulares		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Esquematiza as principais unidades de relevo peninsulares		
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Realiza un esquema coas características das diferentes costas peninsulares		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Reflexiona acerca de como lles pode afectar a seca no súa vida cotiá		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

UD	Título da UD	Duración
8	Desde cando estamos na Terra? Por que estudamos Historia?	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Fai unha liña temporal coas idades da historia	PE	100
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Elabora un cadro explicativo coas diferentes fontes históricas		
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Elabora unha breve redacción explicando que é o tempo antes e despois de Cristo		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Le o texto dado e responde as preguntas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo. - Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.

UD	Título da UD	Duración
9	Os inicios da humanidade: a prehistoria	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Realiza unha pequena investigación guiada acerca de Elba	PE	100
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Compara por escrito brevemente a vida das comunidades paleolíticas coas das aldeas neolíticas e a das idade de metal		
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Realiza un cadro sinóptico cos diferentes períodos da prehistoria explicando os avances que se deron en cada un		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Realiza un pequeno listado guiado dos restos prehistóricos de Galicia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo. - Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

UD	Título da UD	Duración
10	As primeiras civilizacións	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Representa sobre un mapa mundi mudo as primeiras civilizacións co uso de lendas, títulos e cores	PE	100
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Elabora e explica a pirámide social exipcia		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Le un texto acerca do patrimonio arqueolóxico e responde as diferentes cuestións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

UD	Título da UD	Duración
11	Grecia, o berce de Occidente.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Identifica as polis e explica o seu nacemento como base da democracia ateniense	PE	100
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Realiza un esquema coas etapas, a economía, a arte, o goberno e a sociedade grega.		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Analiza a expansión grega partindo dun mapa		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Elabora unha pirámide social grega		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

UD	Título da UD	Duración
12	Roma, o imperio en Occidente	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Compara a expansión do Imperio romano coa expansión da civilización grega vista na unidade anterior	PE	100
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Elabora un cadro sinóptico coas etapas da historia de Roma indicando a cronoloxía, as institucións, os personaxes e os feitos máis importantes		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Identifica elementos cristiás nos restos romanos		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Le catro fragmentos sobre as mulleres en Roma e responde as preguntas propostas.		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Analiza un mapa coas principais mercadorías do comercio romano		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

UD	Título da UD	Duración
13	Como eramos nos daquela?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Realiza un esquema indicando diferentes aspectos da Hispania romana	PE	100
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Elabora un liña temporal cos diferentes pobos que habitaron Galicia ao longo da historia		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Realiza un breve catálogo con obras de arte da Antigüidade en Galicia		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Realiza un cadro sinóptico explicando o 6 restos da Antigüidade que forman parte do Patrimonio Mundial da Unesco que hai en España		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.

Contidos

- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe na materia de Xeografía e Historia son aquelas que permitan o logro dos obxectivos e van encamiñadas a adecuada adquisición das competencias; ditas liñas poden xirar sobre as seguintes propostas.

Trátase de que o alumnado adquira coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo, permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.

A organización dos saberes de Xeografía e Historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva so cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e das situación de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.

O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedimentos de diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa, isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe desde unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.

O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualízasas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo, poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitálas para favorecer que siga construindo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse so nos resultados. En relación a isto, poderanse empregar diferentes métodos que teñan en conta os distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de facer por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva do coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)

Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

O emprego dos mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as destrezas e intereses.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e recursos didácticos

Libro de texto, Xeografía e historia 1º ESO. Proxecto construíndo mundos. Obradoiro, Santillana.

Aula virtual do centro IES Agra do Orzán.

Caderno ou cartafol de traballo das alumnas e alumnos.

Xunto ao libro de texto, usaranse os materiais pertinentes (apuntamentos e/ou fichas da docente) para reforzar os contidos básicos como ferramenta necesaria para atender ás necesidades individuais do alumnado.

Relacionado co plan lector do centro e co fomento da comprensión lectora e a expresión escrita, trabállase con diferentes tipos de textos: literarios, expositivos, xornalísticos ou gráficos en soporte impreso e/ou dixital.

Polo que se refire á comunicación audiovisual e a promoción da súa importancia lévanse a cabo actividades con soporte dixital como a procura de información, presentacións audiovisuais...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade do alumnado. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula. Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole; por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, relacionar, ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos históricos-xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais.

Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada unidade didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro/falso, pescudas...

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente.

Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar de aclaración e rectificación, sendo idóneo propoñerlles que sexan eles/elas mesmos/mesmas os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas. Estas probas iniciais non entrarán no cómputo da cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	8	7	9	8	8	4	6	9
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	11	100
Proba escrita	100	100	100	100

Crterios de cualificación:

A nota da avaliación calcularase:

- 70%: media das notas das probas escritas levadas a cabo na avaliación
- 30%: en función do labor feito na aula no día a día, de modo que:

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato. Poden ser tipo test, de desenvolver, de relacionar conceptos, de identificar e comentar imaxes, de definir termos, de comentar imaxes e/ou mapas/imaxes etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósteres; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas irán asociadas directamente a unha nota numérica ca que logo se extrae a media.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [(Media Ex. x 70)+ (Media T.I. x 30)] / 100.

A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

A cualificación do curso será a media aritmética das tres avaliacións tendo en conta os decimais das mesmas. A este resultado aplicaráselle o redondeo que será cara arriba en caso de que o decimal sexa 6 ou superior, e para abaixo en caso de que o decimal sexa 5 ou inferior.

Durante as avaliacións truncaranse e estes decimais non tidos en conta na avaliación, teranse en conta no cálculo da nota final do curso.

Para levar a cabo a media aritmética coas notas das avaliacións a final de curso o alumno ten que ter superadas cun 5 como mínimo as tres avaliacións. En caso de ter avaliacións non superadas farase a media sempre e cando a nota da avaliación ou avaliacións sen superar supere o 3,5. Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nunha proba escrita final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para a avaliación final.

Crterios de recuperación:

Tras cada unha das avaliacións quen suspenda, por non acadar o 5,a materia poderá recuperala mediante tarefas específicas que elaborará a docente correspondente, ou cunha proba escrita obxectiva das unidades didácticas traballadas durante o trimestre. Dita proba realizarase a comezos do seguinte trimestre ou antes da avaliación final

ordinaria, segundo o establecido pola profesora encargada de comunicarlle aos alumnos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao atoparme no primeiro curso da Educación Secundaria non hai alumnas/os coa materia pendente. As alumnas/os repetidoras/es teñen que seguir a materia ao ritmo dos seus compañeiros.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

- Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e estar máis motivado mellorando así a aprendizaxe e o rendemento escolar.

- Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

Proporanse medidas de reforzo tanto para o alumnado aventaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que o docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acade un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos, tarefas, un caderno de traballo cos contidos adaptados e/ou fichas elaboradas polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - tecnoloxías da información e da comunicación		X	X		X			
ET.4 - emprendemento	X							X
ET.5 - educación cívica			X				X	
ET.6 - comunicación audiovisual				X		X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - comprensión lectora	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.2 - expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - tecnoloxías da información e da comunicación	X	X			X
ET.4 - emprendemento					
ET.5 - educación cívica					X
ET.6 - comunicación audiovisual			X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día do medioambiente	O 5 de xuño e para refrescar o estudado durante a primeira e segunda avaliación, as alumnas/os farán unha breve exposición cos problemas medioambientais que elas e eles elixan.			X
Día da muller traballadora	O 8 de marzo, xa insertos na segunda avaliación, faremos un percorrido virtual na aula pola figura de diferentes mulleres da prehistoria e da antigüidade		X	
Visita ao castro de Elviña	Aproveitar os restos castrexos da cidade			X
Visita ao castelo de San Antón	Visita a un museo arqueolóxico		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación axeitada en número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.
Metodoloxía empregada
A adecuación dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.
Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.

Medidas de atención á diversidade

Resultado das medidas de atención á diversidade.

Descrición:

En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro en distintos momentos do curso, especialmente ao remate de cada unidade didáctica. terase en conta o número de sesións efectivamente impartidas e as razóns do desfase se o houber.

Os indicadores de logro para a avaliación da adecuación dos obxectivos, contidos, criterios, procedementos e instrumentos de avaliación tomarán en conta o éxito académico acadado polo alumnado (porcentaxe de aprobados). Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final de curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación, así como a súa avaliación e posibles propostas de mellora reallizaranse polo departamento nas reunións mensuais e, en todo caso, ao remate de cada avaliación.

Para a modificación da programación didáctica revisaranse os seguintes aspectos:

- A idoneidade da selección, distribución e secuenciación dos obxectivos e contidos.
 - A idoneidade da metodoloxía seguida e dos materiais e recursos didácticos empregados.
 - A adecuación dos criterios de avaliación relacionados coa adquisición das competencias básicas.
 - A eficacia dos procedementos e instrumentos de avaliación. Revisión dos criterios de cualificación.
 - As medidas de atención á diversidade empregadas e, en particular, as ACI (adaptacións curriculares individualizadas).
 - O programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes de cursos anteriores.
 - O desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias e das relacionadas co Plan Anual de Lectura do centro e coa integración das tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- Os cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso. Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

9. Outros apartados